

ACTIVIDADES

1. Soletrea as palabras que aparecen neste chiste e sinala as sílabas que conteñen unha vogal tónica: *Van dous nunha molo e cae o do medio pola ventá.*

2. Clasifica as palabras deste enunciado que non sexan monosílabas en agudas, graves ou esdrúxulas, e xustifica a ausencia ou presenza de til:

Poñámoslle remedio á carencia de organización deseñando bos horarios de traballo diario.

3. Clasifica estes nomes segundo leven ditongo ou hiato e explica por que se acentúan ou non:

Xaime, Uxia, Aitor, Beatriz, Claudia, Celia, Adrián, Estefanía, Xeorxina, Andrea, Diana, Sofía, Euxenio, Bieito, Laura, Raúl, Luís, Lois.

4. Clasifica as seguintes palabras segundo sexan agudas, graves ou esdrúxulas e colócalles o til a aquelas que precisen levalo.

atmosfera, heroe, reptil, mantel, paxaro, baul, aínda, bagoa, rapidamente, acentua, inútil, carcere, misil, chofer, el, textil, tirizo, lapis, tepedo, facilmente.

5. Busca a parella correspondente de lexemas para formar palabras compostas e, con axuda dun dicionario, adiviña se se escriben xuntas ou separadas con guión. Despois acentúaaas segundo as regras:

<i>electro</i>	<i>doméstico</i>
<i>xogo</i>	<i>químico</i>
<i>socio</i>	<i>vídeo</i>
<i>físico</i>	<i>hispano</i>
<i>americano</i>	<i>económico</i>

6. Segundo as regras xerais de acentuación, as palabras destacadas no seguinte texto deberían levar til? Daquela por que o levan? Escribe o significado destas formas e, ao seu carón, o das palabras das cales se diferencian por non levaren til.

Foi **o** día seguinte, con luz, cando puidemos apreixar a magnitude dos danos causados na goleta. Había un mariñeiro ferido **o** desprenderse a vela gabia do pau maior, que tiña a clavícula e varias costelas rotas. Ademais, unha sacudida da botavara golpeara na cabeza a un dos grumetes, Pablo, un rapaz da miña idade que, aínda que non tiña ningún **o**so fracturado, perdera o coñecemento durante case unha hora, e pasou uns días sen poder poñerse de **pé**. O doutor Buiza ocupábase deles, e tivo a oportunidade durante a semana seguinte de receitar con frecuencia auga de limón.

En canto **os** danos na arboradura, os tres paus seguían enteiros, pero había vergas tronzadas, e tamén algunhas velas, das que a **máis** importante era a gabia, racharan. O meu amigo Tomás tivo que traballar arreo naqueles días, non **só** na Resolución, senón tamén nos outros dous navíos, aínda que tanto a Atrevida como a Descuberta escolleran capear o temporal e os seus desperfectos eran menores.

Fose porque estaba agradecido **os** coidados que Buiza prodigaba **os** feridos, ou porque desafogara o seu xenio batallando contra a tormenta, o caso **é** que o comandante Canal amosábase **máis** tranquilo e incluso nos saudaba **o** encontrarnos en cuberta. Pese a este cambio de humor, ningún de **nós** se atreveu a desafiar as súas ordes sentando nela.

Marilar Aleixandre, *A expedición do Pacífico*

Axuda

Para resolver a actividade é mellor que consultes as regras de acentuación ortográfica.

